


O Sendeiro do Litoral de Bueu, con inicio na praia de Portomaior e fin na praia de Lagos, percorre os elementos que definen a Bueu como unha vila mariñeira de esplendoroso pasado industrial. As factorías de salgadura e conserveiras que outrora dominaban a súa fachada marítima dan conta da importancia que tivo a chegada da modernidade tecnolóxica e industrial a Galicia naquela altura. Neste


sentido, o Museo Massó e o estaleiro de Purro son puntos de parada obrigados para afondar neste momento da nosa historia. Bordeando a costa unha vez entramos na parroquia de Beluso intúense pequenas e illadas praias, rodeadas por unha paisaxe natural onde bosques e rochas erosionadas polo vento encamiñan á praia de Lagos, punto final que non obstante anima a coñecer o Cabo Udra.



■ Museo Massó



■ Vistas desde o Monte Chans



■ Igrexa de Cela



■ Capela de Reis Santos



■ Capela do Pazo de Santa Cruz



■ Cheminea de Massó

A nivel etnográfico destaca a Ruta dos Muíños, percorrido que seguindo o río Bispo permite visitar a igrexa parroquial de San Martiño así como unha fonte do século XVIII, un lavadoiro e varios muíños fluviais que reflicten o forte vínculo que ligaba os agricultores á auga para a moenda do cereal. No remate chegamos aos muíños de Canudo e da Presa, os únicos restaurados e funcionais do percorrido e de visita obrigada cando se moe o millo corvo. En canto á arquitectura civil, a ruta dos Pazos céntrase nestas vivendas señoriais de carácter rural, de gran importancia na época moderna, que funcionaban como elementos centrais de administración do territorio e arredor dos cales se desenvolvía a vida dos aldeáns. Os Pazos de Santa Cruz, de Castrelo, Ouril e a Casa dos Picos, sen desmerecer a Capela dos Santos Reis, son exemplo desta arquitectura de plantas sinxelas e próximas a terras fértiles, en outeiros que permiten ao señor un amplo control das súas propiedades. A Ruta dos Abades, en cambio, percorre parte dos templos máis senlleiros do municipio como a igrexa románica de Santa María de Cela, a máis

representativa deste estilo dentro do Concello e sobre todo a pequena igrexa de Santiago de Ermelo, o único que queda en pé dun mosteiro anterior ao século XI, berce monástico da península do Morrazo. No seu interior localízase unha inscrición de gran valor histórico que fai referencia ao bispo Diego Xelmírez, personaxe destacada da historia galega e unha das tres únicas referencias en pedra existentes á súa persoa en Galicia. Esta ruta, por medio de pequenos carreiros, algúns deles camiños tradicionais empedrados, complementase con impresionantes vistas da ría de Pontevedra e Vigo, tesouros de gran valor natural como a carballeira de Meiro e áreas recreativas como a de Chans, zona de lecer e descanso que serve como continuación e punto de partida de novos sendeiros, e que conta cun impresionante miradoiro utilizado como zona de despegue para practicantes de parapente.

#### ■ Tramo do sendeiro do litoral



O Concello de Bueu dispón de varios sendeiros que parten ou atravesan o seu centro urbano co cal se ofrece un turismo activo mediante a práctica de deporte ou

pequenos paseos a pé para coñecer os seus recunchos patrimoniais máis senlleiros.



#### Contacto:

📍 Eduardo Vicenti, 8,  
36930 Bueu  
Pontevedra

📞 986 39 00 29

✉ concello@concellodebueu.gal



[www.concellodebueu.gal](http://www.concellodebueu.gal)



## RUTAS E SENDEIROS DO CONCELLO DE BUEU





SENDEIRO DO LITORAL	
RUTA DOS PAZOS	
RUTA DOS MUÍÑOS	
RUTA DOS ABADES	
RUTA DE ERMELO	
RUTA DE CELA	
RUTA ARQUEOLÓXICA DE ONS	
VÍA RÁPIDA	
INICIO E FIN DE RUTA	
MIRADOIRO	